



**Resolución do 25 de marzo de 2009, do Director Xerente, no proceso para o ingreso na lista previa na categoría de Maquinista Conductor, resultante do período de actualización de méritos de outubro de 2008, pola que se fai pública a ratificación dos membros da comisión de selección, se establecen os prazos e lugares para a presentación de emendas e reclamacións, e se ratifica o nomeamento do asesor de galego.**

En virtude das facultadas outorgadas polo Consello de Administración da empresa, e de conformidade co establecido no apartado 3 das bases xerais para a selección de persoal temporal da empresa pública de servizos agrarios galegos S.A., polo sistema de listas previas por categorías, ACORDA:

**Primeiro.- Determinar os prazos e lugares de presentación para emendas e reclamacións**

Determinanse como prazos e lugares habilitados para a presentación de emendas e/ou reclamacións dos candidatos inscritos na categoría profesional de Maquinista Conductor, os que se relacionan de seguido:

- nas oficinas do rexistro de Seaga (Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15.890 Santiago de Compostela - A Coruña), de luns a venres, en horario de 09:00h a 14:00h e de 16:00h a 18:00h.
- de luns a venres, en horario de 09:00h a 14:00 horas, nas oficinas sitas en:
  - Rúa Montero Ríos, nº 24 (Antiga Cámara Agraria), 27002 Lugo.
  - Rúa do Paseo, nº 22, 1º, 32003 Ourense.
  - Praza do Teucro, nº 18, 36002 Pontevedra.

**Segundo.- Ratificar aos membros da Comisión de Selección**

Ratifícase o nomeamento dos membros da Comisión de Selección designados para cualificar o proceso para o ingreso na lista previa na categoría de Maquinista Conductor por resolución de 29 de xaneiro de 2008.

**Terceiro.- Nomeamento do asesor especialista**

Aprobar a contratación, nomeamento e incorporación do asesor especialista para a súa colaboración na proba de galego, que se relaciona a continuación:

Nome e apelidos do asesor especialista: Manuel Bermúdez Blanco



Titulación / especialidade:

Licenciado en Filoloxía Galego Portuguesa pola  
Universidade de Santiago de Compostela

**Cuarto.- Facultades do asesor especialista.**

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.1.8 e nas bases específicas 1.4.1 das que rexen o proceso, o asesor especialista limitarase a prestar a súa colaboración na súa especialidade, e terá voz pero non voto.

Santiago de Compostela, a 25 de marzo de 2009.

Asdo.- Xan Bautista Cambón Rodríguez.

Director-Xerente

